

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a planificación das autorizacións de explotación de máquinas tipo B, na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, o organismo autónomo Augas de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Poio, para a execución de actuacións de saneamento en San Martiño e As Testadas, no Concello de Poio (Pontevedra), por importe de un millón noventa e dous mil setecentos oitenta e sete euros con vinte e un céntimos (1.092.787,21 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Curtis, para a execución da obra: "Reforma da rede de saneamento no núcleo de Curtis. Concello de Curtis (A Coruña)", clave OH.315.966, por importe de dous millóns catrocentos oitenta e oito mil oitocentos corenta e oito euros con setenta e dous céntimos (2.488.848,72 €).
- Acordo polo que se autoriza o texto do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e os concellos Ferrol, Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño, para o desenvolvemento conxunto do novo transporte metropolitano de Galicia na área de Ferrol; e os gastos plurianuais derivados do previsto no referido convenio por importe de nove millóns douscentos setenta e oito mil catrocentos vinte e seis euros (9.278.426 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba a finalización do dispositivo sanitario especial do 061 para o Xacobeo 2010.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Vilamarín, para a realización das obras necesarias na Casa de Cultura, por importe total de oitenta e tres mil euros (83.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, e o Concello de Lalín, para a rehabilitación integral do Pazo de Liñares, por un importe total de oitocentos mil euros (800.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural, para a modificación e prórroga do convenio de colaboración suscrito co Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, para a realización de actuacións en materia de desenvolvemento rural, por un importe adicional de nove millóns cincocentos trinta e catro mil setecentos vinte e cinco euros (9.534.725,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a encomenda de xestión dos programas de sanidade e produción animal para o 2011 a *TRAGSEGA (Empresa de Sanidade e Servizos Gandeiros, S.A.)*.

MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Declaración institucional da Xunta de Galicia na celebración do 25 de novembro, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe de seguimento da execución do Primeiro Plan de avaliación de organismos dependentes da Xunta de Galicia (2º).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia 2010.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Informe sobre o plan de traslado do Hospital Lucus Augusti.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre ocupación hoteleira durante o mes de outubro segundo datos facilitados polo INE.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre investimentos no ámbito da conserva no ano 2009.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A LIMITACIÓN DE AUTORIZACIÓNS DE MÁQUINAS COMECARTOS NA COMUNIDADE GALEGA

- *O límite fundaméntase na necesidade de planificar o xogo e de non fomentar o seu hábito e para prever un aumento de ludopatías ou faltas de control administrativo sobre o acceso ás ditas máquinas*
- *Non se darán máis licenzas das que hai ata o de agora, polo que se fixa o número máximo en 13.312 máquinas, que é o número das autorizacións declaradas en activo*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza semanal a planificación das autorizacións de explotación de máquinas tipo B, as coñecidas como comecartos. Segundo a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia a competencia para planificar os xogos e as apostas na Comunidade Autónoma.

A limitación das autorizacións de explotación das máquinas comecartos ten o seu fundamento na necesidade de planificar o xogo, tendo en conta a súa realidade, a súa incidencia social, as súas repercusións económicas e tributarias, e o non fomento do seu hábito, racionalizando a oferta desta modalidade de xogo.

Ademais a autorización sen control das máquinas de tipo B pode prexudicar o equilibrio na práctica deste xogo e do mesmo xeito pode dar lugar a un aumento das condutas de ludopatía ou a unha falta de control administrativo sobre o acceso que menores e discapacitados poden ter a este tipo de xogos. A Xunta pretende así lograr unha maior seguridade xurídica debido ás implicacións xurídicas, económicas e tributarias que caracterizan os distintos subsectores do xogo.

Polo que respecta á nosa comunidade autónoma, a norma anterior, o Decreto 570/2005, do 29 de decembro polo que se establece o Plan de máquinas de xogo tipo B na Comunidade Autónoma de Galicia, establecía un número máximo de 13.756 máquinas, que era o número de autorizacións existentes naquel momento.

O Consello acordou fixar o número máximo no número "actual" de máquinas, para o que se toma como data de referencia o 31 de xullo fixada pola Comisión de Xogo de Galicia, isto é, 13.312 máquinas. Non obstante, poderanse outorgar novas autorizacións no caso de que se produzan baixas definitivas en número igual ou superior a 200 respecto do dito número máximo. O outorgamento farase por concurso e realizarase mediante orde da consellería competente en materia de xogo.

Na maioría das comunidades autónomas (Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Cantabria, Cataluña, Murcia, País Vasco, Valencia, Castilla-La Mancha, Castilla-León, La Rioja) actualmente o número de autorizacións de explotación de máquinas B está conxelado, é dicir, non se poden outorgar novas autorizacións, por prazos que varían

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

segundo a comunidade autónoma. Este decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2011, e terá unha vixencia de cinco anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**OS NÚCLEOS DE SAN MARTIÑO E AS TESTADAS, NO MUNICIPIO DE POIO, CONTARÁN CON SANEAMENTO GRAZAS Á APROBACIÓN DUN CONVENIO ENTRE A XUNTA E O CONCELLO**

- *A obra engádese ás aprobadas para os concellos de Marín e Pontevedra para mellorar a calidade das augas da Ría de Pontevedra, cun investimento global de máis de 15 millóns de euros*
- *O investimento total superará o millón de euros, que será financiado a partes iguais polas dúas administracións*
- *Á Consellería de Medio Ambiente correspóndelle a contratación, execución, dirección, control e recepción das obras, ademais de participar no financiamento da actuación*
- *O Concello de Poio terá a obriga de pór á disposición os terreos necesarios; o sometemento a información pública dos proxectos e asumir, unha vez terminadas as obras, a súa explotación, mantemento e conservación*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o investimento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no saneamento dos núcleos rurais de San Martiño e As Testadas, no Concello de Poio. Para levar a cabo estas actuacións, asinarase un convenio entre o Executivo autonómico, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o municipio pontevedrés. O investimento superará o millón de euros, que será financiado a partes iguais polas dúas administracións. Esta obra engádese ás aprobadas para os concellos de Marín e Pontevedra para mellorar a calidade das augas da Ría de Pontevedra, cun investimento global de máis de 15 millóns de euros.

O obxectivo deste acordo é o de establecer as condicións básicas para a colaboración entre o departamento que dirixe Agustín Hernández, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, e o Concello de Poio para a execución e financiamento desta obras.

Neste momento, no Concello de Poio non existe servizo de saneamento nos núcleos de San Martiño e As Testadas, polo que resulta imprescindible proceder á ampliación da actual rede de abastecemento e recollida de pluviais do concello.

Grazas ao convenio aprobado aumentarase a extensión e eficacia das redes de saneamento e abastecemento nos núcleos mencionados.

Para iso, a achega feita será de máis dun millón de euros achegados polas dúas administracións e distribuíranse en dúas anualidades: case 300.000 euros achegaranse o vindeiro ano e no 2012 farase unha achega de máis de 794,000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Así, á Consellería de Medio Ambiente correspóndelle a contratación, execución, dirección, control e recepción das obras e participar no financiamento da actuación, cunha achega máxima de 546.393,61 de euros, é dicir, o 50% do financiamento.

Pola súa banda, o Concello de Poio participará no financiamento da actuación cunha achega máxima de 546.393,60 €, o que supón o 50% restante. Así mesmo, ten a obriga de pór á disposición os terreos necesarios para a normal execución das obras; o sometemento a información pública dos proxectos correspondentes e a asumir, unha vez terminadas as obras, a explotación, mantemento e conservación destas.

Con estas actuacións lógrase unha importante mellora e beneficio para os máis de 16.000 habitantes de Poio e a súa área de influencia e para o seu contorno natural.

A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ CASE 2,5 MILLÓNS DE EUROS NA REFORMA DA REDE DE SANEAMENTO DE CURTIS

- *Esta actuación beneficiará os máis de 6.000 habitantes desta localidade coruñesa*
- *Actuarase nas rúas de Rosalía de Castro, Mestre Eduardo Fariña, San Pedro de Mezonzo, Doutor Martínez Pardo, avenida do Xeneralísimo e o cruzamento baixo a liña férrea*
- *A obra será financiada polo Goberno galego co cento por cento do custo*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un investimento de case 2,5 millóns de euros por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a reforma da rede de saneamento de Curtis.

O proxecto comprende a execución das obras necesarias para a construción, nas rúas máis poboadas e de maior caudal do núcleo de Curtis, dunha rede xeral de colectores de residuais, co aproveitamento da rede actual na medida do posible para a condución de pluviais, substituíndoa naquelas zonas onde o seu estado dá lugar a problemas na recollida de augas.

Trátase dunha rede de conducións por gravidade, na que é necesario construír novos colectores, pero tamén a reposición e separación das acometidas de residuais e pluviais.

Na actualidade, o núcleo desta localidade coruñesa dispón dunha rede de colectores de formigón unitaria na súa totalidade. As augas pluviais, recollidas tanto das vías municipais, como de patios e teitos das edificacións, son conducidas á mesma rede que si recibe as augas residuais. A isto, hai que engadir as verteduras en pequenas fontes e un regato canalizado á rede no colector de rúa Mestre Fariña que ocasiona que os colectores desta zona entren en carga.

Concretamente actuarase nas rúas de Rosalía de Castro; Mestre Eduardo Fariña; San Pedro de Mezonzo; Doutor Martínez Pardo; avenida do Xeneralísimo e o cruzamento baixo a liña férrea. Así mesmo, inclúense actuacións para a construción dos pozos necesarios para as canalizacións, unha nova rede de sumidoiros e a reposición de todos os servizos e pavimentos afectados polas obras.

Con estas actuacións, lógrase unha importante mellora e beneficio para os máis de 6.000 habitantes de Curtis e a súa área de influencia.

Financiamento

O Consello da Xunta autoriza a colaboración técnica e financeira co concello para a execución destas obras, ao abeiro do Decreto 84/1997, do 10 de abril. Mediante dita normativa establecece a posibilidade de financiamento e execución por parte da Xunta de Galicia de obras de abastecemento e saneamento de auga, incluso os proxectos técnicos e construtivos, nos termos municipais da Comunidade Autónoma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O porcentaxe de financiamento por parte da Xunta acadará o 100% do total do custo da obra, requiríndose a previa aprobación polo Consello da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA APROBA O CONVENIO PARA A IMPLANTACIÓN DO NOVO TRANSPORTE METROPOLITANO DE FERROL, QUE INCLÚE O ABARATAMENTO DO BILLETE, OS TRASBORDOS GRATUÍTOS E A TARXETA ÚNICA METROPOLITANA**

- *O investimento da Xunta de Galicia será de máis de 9,3 millóns de euros que serán distribuídos no período comprendido entre o 2010 e o 2015*
- *Os concellos adscritos neste convenio definitivo son: Ferrol, Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño*
- *O novo Plan de Transporte Metropolitano de Ferrol (PTM) terá 6 novas liñas; 2 de interese municipal e 4 de interese metropolitano*
- *Estímase que, coas medidas implantadas, se incrementará un 66,4% o uso do transporte público, permitindo retirar 1.500 vehículos diarios das rúas da cidade de Ferrol e o seu contorno*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a autorización do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os concellos da área para a implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano de Ferrol (PTM). Medio Ambiente investirá, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, máis de 9,5 millóns de euros, que supoñen o 60% do investimento total. Pola súa parte, os concellos farán un investimento de 6,4 millóns de euros que suporán o 40% restante, correspondendo 4 millóns de euros ao concello de Ferrol. Esta achega será distribuída no período comprendido entre o 2010 e o 2015.

A implantación do novo plan incorpora aos concellos de Ferrol, Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño, creando unha área metropolitana beneficiada que suma máis de 170.000 galegas e galegos, e que permitirá coa súa posta en marcha implantar progresivamente 6 novas rutas; das cales 2 serán de interese municipal e as outras 4 de interese metropolitano.

As liñas propostas de interese municipal serán Ares-Mugardos Circular Oeste, Ares-Mugardos Circular Leste e reordenar e mellorar as liñas da rede urbana de Ferrol. Por outra banda, as liñas de servizos de interese metropolitano (4) serían: Pontedeume-Cabanas-Fene-Ferrol, Circular da Ría, e Ferrol-Meirás-Valdoviño, e a Liña Marítima Ferrol-Mugardos.

Tamén se levarán a cabo actuacións de mellora e reordenación da área de Ferrol así como a aposta pola intermodalidade do transporte metropolitano coa inclusión dos servizos do FEVE.


Coa potenciación do novo plan de transporte espérase pasar de 3,2 millóns de viaxes previstas para 2015 a 5,4 millóns, polo que se incrementarían un 66,4%. Estímase que se poden eliminar máis de 1.500 vehículos diarios na cidade de Ferrol e o seu contorno. En definitiva, fomentárase a mobilidade con menos coches privados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Sistema tarifario

Coa implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano porase en marcha un novidoso sistema tarifario. No sistema actual, a tarifa é en función da distancia, de tal xeito que canto máis longa é a viaxe, máis caro é o billete. No novo sistema, o territorio divídese en varias zonas tarifarias. Cada zona tarifaria estará constituída por un ou varios concellos, de tal forma que os veciños dun mesmo concello terán as mesmas tarifas para os seus desprazamentos. O procedemento para o cálculo da tarifa é moi simple e baséase no número de zonas que se atravesan nun desprazamento.

No novo PTM de Ferrol terá seis zonas tarifarias: a zona que só comprende o Concello de Ferrol (C-Fer0), a zona que comprende os concellos de Pontedeume e Cabanas (C-Eum0), a área que comprende Fene, Narón e Neda (C-Fer1), a zona do Concello de Valdoviño (C-Fer2), a zona que comprende os concellos de Ares e Mugardos (C-Fer3) e a zona do Concello de Cedeira (C-Fer4).



Sinalar que outra das principais vantaxes do novo sistema é a interacción das redes urbanas e interurbanas o que permite facer transbordos gratuítos entre redes cun importante aforro para as persoas usuarias.

O novo Plan de Transporte Metropolitano en Ferrol permitirá reducir tarifas nas viaxes metropolitanas con aforros mínimos do 40%, que se incrementan cos transbordos gratuítos e os descontos adicionais para as persoas que viaxen con maior frecuencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Cada viaxe pasará de custar 1,30 euros na actualidade a custar 0,72. Así, o usuario que empregue o transporte metropolitano diariamente, poderían acadar un aforro anual de ata 600 euros.

Deste xeito, o nivel de prezos será fixado segundo os saltos que se fagan dunha zona a outra, entendendo por salto o movemento entre distintas zonas, cando se pasa dunha zona a outra será un salto, se se traspasan dúas, dous saltos (o máximo previsto polo momento). Se o viaxeiro opta por facer viaxes na mesma zona de transporte ou decide facer un só "salto" deberá pagar 0,72 céntimos de euro (a inmensa maioría das viaxes previstas na área) e se decide facer unha viaxe de dous saltos o custo da súa viaxe será de 1,10 cando agora pode roldar uns 2 euros de media.

Investimentos das Administracións

A Xunta de Galicia prevé un investimento en promoción e mellora da rede de transporte de máis de 9,5 millóns de euros entre os anos 2010 e 2015, mentres os 10 concellos incluídos no PTM de Ferrol farán unha achega de 6,4 millóns de euros.

Ademais, a Xunta de Galicia asumiu o compromiso de subministración de novas marquesiñas e postes de parada por valor de 300.000 euros. Ademais do investimento, o labor do Goberno autonómico será a inspección do cumprimento dos servizos ofertados polas empresas concesionarias. Por outra banda, os concellos asumirán o compromiso da instalación, conservación e mantemento das infraestruturas do PTM.

O DISPOSITIVO SANITARIO POSTO EN MARCHA PARA O XACOBEO 2010 ATENDEU UN TOTAL DE 3.067 PEREGRINOS

- *Así se desprende dos datos do acordo que hoxe abordou o Consello da Xunta*

Desde a posta en marcha do operativo da Fundación de Urgencias Sanitarias de Galicia-061, o 1 de abril, os dispositivos sanitarios do Xacobeo atenderon, ata o 7 de novembro, un total de 3.067 peregrinos, dos que 1.686 recibiron asistencia no punto de atención sanitaria da Casa do Deán, e 1.381 peregrinos se achegaron ao punto de atención do Monte do Gozo. Ambas as localizacións resolveron o 92% dos cadros recibidos, e só foi preciso derivar a un 8% do total aos hospitais. Estes e outros datos despréndese do acordo sobre o dispositivo sanitario Xacobeo 2010, que hoxe abordou na súa reunión semanal o Executivo galego.

Do total de pacientes que acudiron a ambos os dous dispositivos asistenciais (Casa do Deán e Monte do Gozo), a resolución da asistencia reflicte que 2.682 pacientes foron atendidos e resolto o seu problema de saúde polo persoal de enfermaría. Outros 134 pacientes foron atendidos no dispositivo e resolto o seu problema de saúde unha vez consultado o persoal de enfermaría co médico da Central de Coordinación. Por último, 251 pacientes que foron asistidos no dispositivo foi necesario derivalos a outro centro asistencial, tras consultar co persoal médico da Central.

Por idades, o pico máis elevado en canto ao intervalo rexístrase en persoas entre 20 a 29 anos, con 741 persoas atendidas, seguido dos peregrinos entre 30 e 39 anos, con 690 persoas, e dos de 40 a 49 anos con 533 persoas. Tamén se atenderon 226 menores de 19 anos, a outras 470 persoas de entre 50 e 59; a 296 entre 60 e 69 anos, e outras 95 maiores de 70 anos.

Por sexos, das 3.067 persoas atendidas, 1.705 eran mulleres e 1.317 homes.

O dispositivo sanitario de Urgencias Sanitarias para o Xacobeo ten tamén rexistrado a orixe das persoas que acudiron, das que o 77% son españois. Por provincias, os madrileños (493), seguido dos barceloneses (230) e dos veciños de Valencia (172), son os cidadáns das provincias que destacan sobre os demais. Doutras nacionalidades, os peregrinos que rexistraron máis atencións eran, por este orde, de orixe italiana (154), alemana (77), francesa (52), portuguesa (50), estadounidense (34) e brasileira (23), entre outros.

Por días de peregrinación, 2.219 persoas atendidas levaban entre 0 e 9 días de peregrinación; 409 entre 10 e 19 días; 127 entre 20 e 29, e 84 entre 30 e 39 días.

Os motivos de atención máis comúns son propios de longos días e horas camiñando, así como dun estilo de vida ao que o corpo non está acostumado. Do total de peregrinos que se achegaron para recibir asistencia aos Puntos de Atención ao peregrino do Monte

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

do Gozo e Casa do Deán, nun 54% tratouse de lesións de pel, seguido dun 15% de deterioración da deambulacón e dun 10% da mobilidade física (estas dúas últimas debido ás consecuencias sobre a marcha das feridas e a problemas de orixe muscular). O resto de problemas de saúde tratados foron a causa de fatiga, molestias gastrointestinais, etc.

En consecuencia, deste acordo aprobado hoxe no Consello da Xunta pódese extraer como conclusión máis relevante que, dada a problemática de saúde máis usualmente atendida e os resultados de resolución da demanda obtidos, o dispositivo atendido por persoal de enfermaría, en colaboración directa co persoal médico da Central de Coordinación de Urgencias do 061, é unha solución perfectamente adecuada para a solución deste tipo de asistencia.

CULTURA DESTINARÁ MAÍS DE 80.000 EUROS PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE RECUPERACIÓN DA CASA DA CULTURA DE VILAMARÍN

- *O Consello da Xunta vén de autorizar a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Vilamarín para levar a cabo as obras de acondicionamento na Casa da Cultura*

O Consello da Xunta vén de aprobar a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Vilamarín para a realización das obras necesarias de recuperación da Casa da Cultura. A Consellería de Cultura e Turismo achegará un total de 83.000 euros para que o Concello de Vilamarín poida contar cunha infraestrutura axeitada para poder desenvolver unha diversa programación cultural, con actividades que se estimen de interese e utilidade social e cultural no seu ámbito municipal. Esta contía será sufragada en dúas anualidades, 2010 e 2011, e financiada no seu 70% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013.

Tanto a Xunta de Galicia como o Concello de Vilamarín son conscientes da necesidade de contar con instalacións de carácter cultural que permitan unha adecuada oferta, co fin de asegurar o acceso á cultura en igualdade de condicións e garantir que estas infraestruturas culturais sexan operativas e respondan ás demandas sociais da poboación. A colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o concello ourensán establécese seguindo criterios obxectivos tales como a poboación beneficiaria deste tipo de infraestruturas, non dispor de locais axeitados, a implicación por parte do Concello de Vilamarín no desenvolvemento de actividades culturais ou a continuación de infraestruturas xa iniciadas. Con este acordo asegúranse, dentro das posibilidades do Goberno, os espazos necesarios para que poidan representarse diversas manifestacións da cultura galega nun marco digno e adecuado ás necesidades actuais.

A Consellería de Cultura e Turismo enmarca esta actuación na súa prioridade de garantir á poboación unha oferta cultural axeitada e adecuada, con base a nunha programación feita polos concellos e demais entidades. Deste modo, búscase conseguir unha implicación por parte da sociedade galega nos actos culturais. Neste sentido, o Fondo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013 é un documento de programación comunitaria aprobado pola Comisión Europea que recolle a articulación da estratexia da Xunta relacionada con distintos eixes prioritarios de intervención. Nestes eixes establécense medidas dirixidas ao desenvolvemento sustentable local e urbano, tales como a creación e mellora de infraestruturas culturais entre os que se atopan os centros culturais (casas culturais, auditorios ou centros socioculturais).

CULTURA E TURISMO INVESTIRÁ 800.000 EUROS NA REHABILITACIÓN INTEGRAL DO PAZO DE LIÑARES

- *O Consello da Xunta vén de autorizar a subscrición dun convenio entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Lalín para axeitar este edificio histórico, declarado BIC, para o seu uso público como equipamento sociocultural*
- *A rehabilitación integral do Pazo de Liñares cífrase nuns 3,5 millóns de euros. A actuación estará cofinanciada pola Xunta de Galicia, o Concello de Lalín e o Ministerio de Fomento, con cargo ao 1% cultural*

O Consello da Xunta vén de aprobar a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Lalín para a realización das obras de rehabilitación integral do Pazo de Liñares. A actuación pretende axeitar este edificio histórico, declarado Ben de Interese Cultural na categoría de monumento en xuño de 2009, para o seu uso público como equipamento socio-cultural ao tempo que se evita unha perda irreparable para o patrimonio cultural galego.

En virtude do convenio autorizado hoxe, a Consellería de Cultura e Turismo destinará un total de 800.000 euros, distribuídos en tres anualidades, para acometer a recuperación do Pazo de Liñares co máximo respecto a esta arquitectura monumental representativa do Pazo Barroco galego. Pola súa banda, o Concello de Lalín encargárase da contratación da execución das actuacións e porá todos os medios materiais e técnicos necesarios para a realización do obxecto do convenio. A rehabilitación integral do Pazo de Liñares contará cun orzamento global próximo aos 3,5 millóns de euros. A actuación estará cofinanciada pola Xunta de Galicia, o Concello de Lalín e o Ministerio de Fomento, con cargo ao 1% cultural.

A Consellería de Cultura e Turismo enmarca esta actuación, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, no seu obxectivo de promover a protección, conservación e difusión do patrimonio cultural de Galicia. Neste sentido, considérase oportuna a colaboración institucional co Concello de Lalín para posibilitar a rehabilitación integral do Pazo de Liñares, o pazo señorial por antonomasia da Terra do Deza. As obras de rehabilitación do Pazo de Liñares intégranse no Plan de Arquitectura Civil da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que inclúe ademais actuacións de conservación e restauración no Teatro Coliseo Noela de Noia e no Liceo de Ourense.

O Pazo de Liñares está situado na parroquia de Prado. A historia deste inmovible está estreitamente vinculada á familia dos Taboada, que o posuíu durante máis de catro séculos e levouno a ser un dos pazos señoriais con máis relevancia da Terra do Deza. Diferentes etapas e estilos foron constituíndo este maxestoso edificio o longo dos séculos, chegando a ser unha das obras de carácter civil máis significativas do centro de Galicia.

XUNTA E GOBERNO CENTRAL MODIFICAN UN CONVENIO EN MATERIA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

- *O Consello da Xunta autorizou a Medio Rural para a modificación e prórroga do convenio do Plan Estratéxico de Infraestruturas asinado co Ministerio do MARM*
- *Mediante esta modificación a Consellería achegará máis de 9,5 millóns de euros e o Goberno Central outros 9,5, para actuacións en todos os concellos de Galicia durante o vindeiro ano 2011*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o acordo polo que se permite á Consellería do Medio Rural a modificación e prórroga do convenio do Plan Estratéxico de Infraestruturas asinado co *Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (MARM)*, en materia de actuacións de desenvolvemento rural.

Medio Rural asinou, o 10 de setembro do 2009, un convenio de colaboración co MARM para a realización de actuacións durante o ano 2009. Mediante este acordo increméntanse as contías achegadas por ambas as administracións, Xunta e Ministerio, e acórdase prorrogar a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2011.

Actuacións

Estas actuacións van destinadas a paliar as fortes deficiencias que persisten en determinadas zonas rurais de Galicia, que urxen a adopción de medidas de conservación e mellora de servizos tan básicos como os camiños agrícolas ou as pistas rurais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO AUTORIZA A MEDIO RURAL ENCOMENDAR A XESTIÓN DOS PROGRAMAS DE SANIDADE ANIMAL Á EMPRESA PÚBLICA *TRAGSEGA***

- *O importe total do orzamento destes labores achégase aos 9,5 millóns de euros*
- *Esta encomenda faise pola necesidade de contar con colaboración externa, pola particularidade e especificidade dos traballos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural a facer efectiva a encomenda de xestión dos programas de sanidade e produción animal para o ano 2011 a empresa pública *Tragsega (Empresa de Sanidade e Servizos Ganaderos S.A.)*, por un importe total de 9.481.527,53 euros.

Medio Rural ten entre os seus obxectivos a loita, control e erradicación das enfermidades dos animais. Dentro destas atópanse aquelas doenzas que son obxecto dos programas oficiais de erradicación establecidos pola normativa estatal e comunitaria.

A incidencia dalgunha destas enfermidades en determinadas zonas fai necesario adoptar medidas sanitarias especiais que permitan minimizar o risco de contaxio, así como establecer o control destas.

Colaboración externa

Esta encomenda faise pola necesidade de contar con colaboración externa, pola particularidade e especificidade dos traballos, tal e como se ven facendo nos últimos anos e de acordo coa normativa estatal sobre contratos públicos.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA NA CELEBRACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Hoxe, 25 de novembro conmemórase unha vez máis, en todo o mundo e baixo os auspicios da Nacións Unidas, o Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres. Unha data que serve para reafirmar o noso compromiso coas vítimas desta senrazón que se vive na nosa sociedade e que causa un número de mortes intolerable nunha sociedade avanzada e democrática, e momento no que enviamos unha mensaxe de compromiso na consecución dunha sociedade na que non teña cabida a desigualdade entre mulleres e homes.

A través de diferentes actuacións, pretendemos a sensibilización e a concienciación de toda a sociedade, para que cada un no seu ámbito de actividade e no marco das súas responsabilidades, reflexione sobre a necesidade dun posicionamento claro e decidido en contra de calquera manifestación de violencia contra as mulleres, síntoma da desigualdade que pervive aínda en moitas esferas da vida.

A mensaxe enviada desde a Xunta de Galicia neste 25 de novembro incide na necesidade da denuncia dos feitos violentos, como a única maneira de previr con eficacia, de dar a coñecer a necesidade de apoio por parte da vítima e de castigar o maltratador, pero preténdese tamén animar á eliminación da indiferenza ou da tolerancia cara a un fenómeno do que, pola súa incidencia e por darse en todos os ámbitos da sociedade, moitas veces sabemos máis do que queremos recoñecer. Debemos reprobar con toda contundencia as condutas violentas, apoiar as vítimas e pór o esforzo común na educación das xeracións máis novas, para que, a través da prevención e da formación, sexamos capaces de eliminar esta lacra intolerable.

A Xunta de Galicia quere reiterar o compromiso asumido de traballar intensa e conxuntamente na colaboración interinstitucional, na ampliación da protección das vítimas e na mellora da súa recuperación física, psicolóxica e social, así como na sensibilización de toda a sociedade, moi particularmente da xente máis nova. O goberno galego quere manifestar o seu apoio aos fillas e fillos das vítimas e ás súas familias, agradecer o traballo desenvolvido polas organizacións civís coas que colabora na tarefa da prevención, a sensibilización e a intervención nos casos de violencia de xénero que se dan, e animar toda a cidadanía a facer da igualdade e do rexeitamento á violencia un dos piares do presente e do futuro de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA XA AVANZOU CARA Á EXTINCIÓN OU REFORMULACIÓN DE TODOS OS ENTES INCLUÍDOS NO PLAN DE RACIONALIZACIÓN DE ORGANISMOS DEPENDENTES**

- *Os trámites xa se completaron en 8 casos e a desaparición doutros 36 organismos está incluída en dúas leis pendentes de aprobar polo Parlamento*
- *O informe trimestral destaca que os avances son “moi significativos”, o que permitirá cumprir en prazo os compromisos establecidos*
- *O aforro é superior ao estimado inicialmente e acada os 12,7 millóns de euros*

O Consello da Xunta analizou hoxe o segundo informe trimestral de seguimento da execución do Plan de racionalización dos organismos dependentes do Goberno galego, no que se destacan os avances “moi significativos” levados a cabo en pouco máis de seis meses, nos que xa se iniciaron os trámites para a extinción ou reformulación dos 48 entes incluídos no plan, que tamén prevé melloras noutros 16 organismos.

De feito, xa se adoptou o acordo de extinción e están en fase de liquidación seis organismos: Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento; Fundación Milenio; Fundación Centro Superior Cinexético e Piscícola; Axencia Humanitaria de Galicia; Fundación Galega para a Prevención de Riscos Laborais; e a Fundación Galicia Emigración.

Tamén se completaron todos os trámites no caso do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, cuxa Lei de extinción se aprobou no pleno do Parlamento o pasado 13 de outubro. Outro dos ámbitos onde a execución do plan xa se completou é na formalización ante notario da venda das accións da Xunta na Sociedade Galega de Servizos Sociais (Sogaserso), onde se executou o derradeiro trámite formal que faltaba, relativo ao cesamento dos representantes da Xunta no Consello de Administración da sociedade, sendo substituídos polos representantes nomeados polas caixas.

Así mesmo, a fusión por absorción da Fundación Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia (Cetil) no Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (Cetal) foi acordada polo padroado do Cetil na súa reunión do 27 de setembro, e só falta que o Cetal modifique os seus estatutos e o seu patrimonio para que se produza a integración efectiva.

Tramitación legislativa

Outros dos organismos cuxa extinción está prevista no plan tamén avanza ao ritmo previsto e cumprindo todos os trámites necesarios. Así, a extinción das 34 fundacións comarcais e de Bantegal, cuxas competencias e funcións pasan á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), terá lugar en canto se aprobe o proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas, que xa se atopa no Parlamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

En similar situación se encontra a disolución da Sociedade Autoestrada Alto de Santo Domingo- Ourense (Aceousa), que está prevista no proxecto de Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga), que foi enviada á cámara no mes de setembro.

En canto ao resto de organismos, na Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia xa se realizaron importantes avances no seu proceso de racionalización. De feito, xa se reduciron efectivos do seu cadro de persoal e se adoptaron medidas para que os tres centros dependentes do organismo converxan na futura Axencia de Innovación, cuxa creación está na Lofaxga.

No caso do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, ademais de reducir o seu cadro de persoal, xa se acordou a súa integración na futura Axencia de Servizos Sociais. Precisamente o borrador de decreto de creación desta axencia xa está redactado e foi presentado á Fegamp, á mesa de diálogo social e ás asociacións consorciadas. Tamén está elaborada a proposta de plan estratéxico e o plan económico-financieiro da futura axencia. Finalmente, tamén o Instituto de Estudos Turísticos ten dado pasos para refundirse en Turgalicia.

Alto cumprimento e aforro

Por outra banda, o informe levado hoxe ao Consello da Xunta tamén analiza o grao de cumprimento do plan respecto ás recomendacións que se facían aos 16 organismos analizados nos que se aposta polo seu mantemento. En apenas medio ano máis do 60 por cento destas recomendacións xa foron cumpridas ou iniciouse o seu cumprimento.

Os grandes avances producidos no cumprimento do plan permiten garantir que se cumprirán os obxectivos marcados, que pasaban por completar no prazo dun ano a extinción do 90 por cento dos organismos incluídos. Ademais, os aforros que se están a producir son superiores aos estimados e, de feito, cando só van seis meses, xa se teñen superado os 10 millóns de aforro que estaba previsto que houbera cando o plan estivese ultimado. En concreto, o aforro producido nos 64 organismos analizados - 48 a extinguir ou reformular e 16 nos que se propoñían recomendacións de mellora- ascende xa a 12,7 millóns de euros.

O GRAO DE CUMPRIMENTO DO PROGRAMA DE VIXILANCIA SANITARIA DAS ZONAS DE BAÑO DE GALICIA 2010 FOI SATISFACTORIO

- *O 98,8% das zonas de baño incluídas no censo oficial foron cualificadas como aptas*
- *O censo do programa inclúe 497 zonas de baño que se atopan en 110 concellos de Galicia*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, deu conta hoxe no Consello da Xunta dun informe sobre os resultados do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia.

No censo oficial da tempada 2010 figuran 497 zonas de baño con 517 puntos de mostraxe que se atopan en 110 concellos da Comunidade Autónoma galega. Destes 517 puntos de mostraxe, o 63,1% obtivo unha cualificación sanitaria apta para o baño de moi boa calidade; o 35,8% resultaron de cualificación sanitaria apta para o baño de boa calidade; e só en catro ocasións (0,8%) as augas foron cualificadas como non aptas para o baño.

A vixilancia e control sanitario tivo lugar no 99,6% das zonas de baño censadas, só houbo dúas que non se puideron cualificar por non se realizaren as mostraxes, xa que eran inaccesibles. Por todo isto, o grao de cumprimento do programa de vixilancia é satisfactorio.

O obxectivo principal do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia é minimizar os riscos de contraer algunha enfermidade ao bañarse nas augas marítimas ou continentais da Comunidade Autónoma. Para iso, vixíanse e cualifícanse as augas das zonas de baño censadas; identifícanse as verteduras que poidan supoñer unha deterioración da salubridade das zonas de baño; facilítase que todos os usuarios dispoñan de información sobre a calidade microbiolóxica das augas durante a tempada de baño; e infórmanse as entidades con responsabilidade na súa xestión sobre as súas condicións.

O proceso de creación do censo oficial parte da solicitude do concello. O seguinte paso é a avaliación das solicitudes, para, a continuación, proceder á inclusión provisional nesta tempada. Finalmente, realízase a inclusión definitiva na tempada seguinte.

Para obter os datos, o Programa Galego de Vixilancia Sanitaria das Zonas de Baño -que a Dirección Xeral de Innovación da Saúde Pública desenvolve dende mediados dos anos 80- recolle un total de dez mostras de cada zona, unha realizada antes do inicio da tempada e as nove restantes cunha periodicidade quincenal dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Os datos de cualificación microbiolóxica obtidos son remitidos ás administracións locais co fin de que informen os seus usuarios e adopten, se os resultados o indican necesario, as medidas oportunas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A PLANIFICACIÓN DO TRASLADO AO NOVO HOSPITAL DE LUGO É O RESULTADO DUNHA ANÁLISE EXHAUSTIVA DAS DEPENDENCIAS E RELACIÓNS ENTRE OS DIVERSOS SERVIZOS QUE CONSTITÚEN O C.H. XERAL CALDE**

O Consello da Xunta de Galicia, reunido no día de hoxe, vén de abordar un informe, presentado pola Consellería de Sanidade, sobre o plan de traslado do Hospital Lucus Augusti. A planificación deste traslado é o resultado dunha análise exhaustiva das dependencias e relacións entre os diversos servizos que constitúen o Complexo Hospitalario Xeral Calde.

O traslado comezou o pasado día 22 de novembro, e nesa xornada empezaron a funcionar no novo hospital un total de 28 consultas (27 delas estaban situadas no Centro de Especialidades da Praza do Ferrol e unha no Hospital de Calde). Estas consultas corresponden ás especialidades de Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo (3 consultas), Uroloxía (2), Xinecología (5), Cardiología (4), Servizo de Dixestivo (2), Endocrinología (1), Dermatología (3), Oftalmología (2), Otorrinolaringología (2) e Reumatología (2).

O Servizo de Admisión do hospital lugués púxose en contacto con todos os pacientes afectados polo traslado das consultas ao novo hospital, arredor duns 400 ao día, para informalos do cambio de lugar da consulta co especialista. O dito cambio non implicou variación no día para o que estaba fixada a consulta.

Para levar a cabo o traslado entregouse a todo o persoal unha bolsa con planos do novo hospital e da distribución e localización dos servizos e unidades, información variada, así como unha chave para o armario persoal con instrucións de manexo, información sobre o Plano de Prevención de Riscos Laborais, unha axenda telefónica e canles de información para poder comunicar posibles incidencias asistenciais e non asistenciais.

Os pacientes contan con axuda no novo hospital para poder desprazarse e atopar as consultas sen dificultade. Para iso dispónse de persoal específico que lles axuda e informa sobre a localización de cada consulta e os lugares aos que teñen que acudir. Tamén hai axuda á mobilidade para os pacientes que o precisen.

O proceso de traslado empezou co establecemento no hospital Lucus Augusti dos servizos técnicos básicos para dar soporte á actividade no novo centro (mantemento, informática, electromedicina...). Estes servizos desdobrarán a súa actividade durante todo o proceso de traslado, prestando servizo tanto no Lucus Augusti, como nos centros actuais, ata o momento do peche.

Durante a semana do 22 ao 26 trasládanse ao novo hospital os servizos administrativos do Hospital Xeral (contabilidade, facturación, persoal, subministracións...), así como a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

área de Dirección-Xerencia, que tamén manterá a súa presenza nos dous hospitais ata a fin do proceso.

A fin de semana do 26 e 27 de novembro repetirase o esquema anterior, co cambio doutra serie de consultas de todos os centros para que inicien a súa actividade no Hospital Lucus Augusti o día 29 de novembro. En total ese día comezarán a funcionar no novo Hospital unhas 45 consultas de especialidades como xinecoloxía, oftalmoloxía, alergoloxía, rehabilitación, pneumoloxía... A partir desta data xa se establecerá o Servizo de Radiodiagnóstico no novo hospital, permitindo o traslado de consultas con máis requirimentos tecnolóxicos. Polo volume que representan, indicar que nesta fase se trasladarán prestacións correspondentes a servizos que, nestes momentos, están emprazados en tres dos centros do Complexo, como son Oftalmoloxía (San Xosé), Rehabilitación (Hospital Xeral) ou Alergoloxía (Calde), sendo este último o primeiro servizo en situarse integramente no Lucus Augusti.

Durante a semana do 29 de novembro ao 3 de decembro, trasladarase parcialmente o Servizo de Anatomía Patolóxica (arquivo de mostras e pasivos), e tamén se procederá ao cambio de arquivos administrativos de todos os centros.

Dende o 3 ata o 8 de decembro executarase o traslado da actividade de rutina dos laboratorios de Bioquímica e Hematoloxía, manténdose o Laboratorio de Urgencias no Hospital Xeral. Tamén durante esta fin de semana procederase ao cambio daquelas consultas que inicien actividade no Lucus Augusti o día 7 de decembro.

Os días 9 e 10 de decembro trasladaranse servizos básicos, que terán que duplicar a súa actividade no Xeral e no novo hospital, mentres nos dous centros haxa pacientes hospitalizados. Durante eses días realizarase a primeira fase do traslado do Servizo de Farmacia (arquivos e pasivos) e o período de probas no Servizo de Cociña. A Farmacia comezará a funcionar no Hospital Lucus Augusti o día 20 de decembro.

A fin de semana do 11 e 12 de decembro levarase a cabo o traslado do Laboratorio de Microbioloxía. Como no caso dos outros laboratorios estableceranse os circuítos loxísticos necesarios para o traslado de mostras entre centros.

Na semana do 13 ao 17 de decembro executarase o traslado do Servizo de Anatomía Patolóxica. Tamén se trasladará neste tempo a primeira fase dos servizos de Neurofisioloxía, Medicina Preventiva e Unidade de Prevención de Riscos Laborais, que son servizos que funcionarán en duplicado nos dous centros a partir desta data ata o final de todo o proceso de traslado. Neste período tamén se levará a cabo o cambio de servizos administrativos do Hospital de San Xosé, Calde e os que quedan no Hospital Xeral.

A fin de semana do 18 e 19 establecerase o soporte loxístico do Servizo de Medicina Intensiva no Hospital Lucus Augusti. Finalmente, o día 20 de decembro dará comezo o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

traslado de pacientes hospitalizados. Este proceso empezará no Hospital de Calde, prolongándose tres días e rematando o día 22.

Co cambio ao Lucus Augusti da área de hospitalización de Calde remata o proceso de traslado de todos os centros periféricos (Hospital de San Xosé, Hospital de Calde e Centro de Especialidades), agás os servizos e unidades que non se trasladan ao novo hospital, como determinados recursos de saúde mental. Deste xeito, antes de que empece o período de vacacións de Nadal concluirá a primeira fase do traslado ao Hospital Lucus Augusti, traslado que se completará definitivamente unha vez remate o período navideño. Así, o vindeiro mes de xaneiro todos os servizos dos tres hospitais que forman o Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo estarán xa funcionando no novo hospital Lucus Augusti.

Unha vez finalizado o período de Nadal, retomarase o proceso de traslado ao Lucus Augusti, co cambio de localización dos servizos e unidades que actualmente se atopan no Hospital Xeral. O dito cambio executarase en dez días e inclúe o traslado de gabinetes e hemodiálise de pacientes crónicos, das últimas consultas externas do Lucus Augusti ou do laboratorio de urxencias, para dar servizo aos pacientes hospitalizados e ao Servizo de Urxencias unha vez abra as súas portas no Lucus Augusti (en todo caso, sempre se manterá no actual Hospital Xeral a actividade necesaria para dar soporte aos servizos que aínda non foron trasladados).

Esta segunda e última fase do traslado tamén contempla o cambio das diferentes unidades de hospitalización do Hospital Xeral e Hospital Materno-Infantil, así como de toda a área cirúrxica. Tamén recolle esta fase o traslado do que queda da UCI, Reanimación, Unidade de Coidados Intensivos Pediátricos, Radiodiagnóstico e áreas de soporte, ademais da segundas fases do cambio de servizos básicos como Farmacia, esterilización, cociña, informática, mantemento, e outros servizos de apoio non básicos.

O último día do traslado cerraranse as Urxencias no Hospital Xeral, simultaneamente á súa apertura no Hospital Lucus Augusti, finalizando deste xeito a actividade asistencial no Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, agás aqueles servizos que non se trasladan ao novo hospital de Lugo.

Para que o proceso se leve a cabo con eficacia, a empresa encargada do traslado do equipamento ten á disposición de todos os servizos do hospital unha dirección de correo electrónico para canalizar todas as dúbidas, peticións e incidencias que poidan xurdir durante este, ademais de manter nos días previos ao traslado de cada servizo reunións co persoal para definir os procedementos a levar a cabo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**GALICIA REXISTRA UN AUMENTO DO 12,43 POR CENTO NO VOLUME DE VIAXEIROS ALOXADOS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO, O DOBRE QUE A MEDIA ESPAÑOLA**

- *A comunidade galega contabilizou dende xaneiro a outubro de 2010 un aumento do 12,43% no volume de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros con respecto ao mesmo período do ano pasado, mentres que a media nacional foi do 6,54%*
- *Este incremento tamén se rexistrou nas pernoitas, que aumentaron un 10,59% nos dez primeiros meses do ano respecto ao 2009. A media nacional situouse nun 6,57%*
- *Os prezos hoteleiros rexistraron no mes de outubro tamén un aumento do 1,8%, circunstancia que se contrapón ao observado no conxunto estatal, onde caeron de media un 1,4%*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o informe elaborado a partir dos datos oficiais da Enquisa de Ocupación Turística do Instituto Nacional de Estatística (INE), dos que se desprende que Galicia duplicou nos dez primeiros meses de 2010 a media española de incremento interanual de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros. En concreto, a comunidade galega contabilizou no período xaneiro-outubro deste ano un incremento do 12,43% no volume de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de Galicia con respecto ao mesmo período do ano pasado, mentres que a media nacional foi do 6,54%.

Galicia rexistra a segunda mellor cifra de crecemento do volume de viaxeiros –por detrás de Cataluña que neste caso acumula unha suba do 12,6%- e a terceira de pernoitas –por detrás de Madrid e Cataluña, que teñen o 12,9% e 11,5% nesta variable-.

O incremento tamén se rexistrou nas pernoitas, que aumentaron un 10,59% nos dez primeiros meses do ano respecto ao mesmo período do ano 2009. Pola contra, a media nacional situouse nun 6,57%. En resumo, o estudo revela que se rexistraron un total de 7.367.204 pernoitas nos establecementos hoteleiros da comunidade, a cifra máis elevada desde que se teñen rexistros estatísticos neste segmento da oferta de aloxamento.

En canto ao mes de outubro, Galicia rexistrou un aumento do volume de viaxeiros do 12,87% respecto do mesmo período do ano pasado. As pernoitas situáronse nun 13,59% máis respecto a outubro de 2009. Son os mellores datos de outubro dos últimos anos pois nunca antes se rexistraran tales cifras de volume de demanda turística xustamente neste mes. As variacións interanuais en relación ao último Ano Santo, tanto en outubro como no acumulado do ano, varían entre o 4,23% e o 9%.

O comportamento observado no mes de outubro vén ratificar unha tendencia de crecemento continuo rexistrado desde marzo deste ano, período no que as cifras de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

demanda turística hoteleira superan, mes a mes, os niveis tanto do pasado ano como do último ano Xacobeo 2004, en porcentaxes que na maioría dos casos pasan do 10%.

Prezos e rendibilidade empresarial

Os prezos hoteleiros rexistraron no mes de outubro tamén un aumento do 1,8%, circunstancia que se contrapón ao observado no conxunto estatal, onde caeron de media un 1,4%. A facturación por habitación ocupada medrou nese mesmo mes un 6,3% en relación ao mesmo período de 2009. A nivel nacional a cifra situouse tan só nun 1,3%. A nosa comunidade rexistra neste caso a segunda cifra de crecemento máis elevada das comunidades autónomas de España, por detrás neste caso de Cataluña.

Por outra parte, os ingresos medios por habitación dispoñible incrementáronse un 18,8%, mentres que a nivel nacional este indicador amosa só un crecemento do 7,3%.

Trátase dunha dinámica que se vén observando dende marzo e abril deste ano. O mes de outubro é o oitavo mes consecutivo no que se rexistra unha mellora da rendibilidade do sector medida a partir dos ingresos medios por habitación dispoñible, rexistrando o maior dos incrementos do ano.

AS AXUDAS CONCEDIDAS POLA CONSELLERÍA DO MAR Á TRANSFORMACIÓN E Á COMERCIALIZACIÓN EN 2009 SUPORÁN A CREACIÓN DE 220 NOVOS EMPREGOS

- *Desta creación de postos de traballo, preto dun 70% estarían destinados á poboación feminina*
- *Das 102 entidades beneficiarias das axudas de 2009, a maioría son empresas pequenas e, segundo se extrae do informe, un 38% das empresas que obtiveron subvención comprometeron a creación de emprego*
- *Mar destinou máis de 21 millóns de euros a estas subvencións, destinadas a mellorar a competitividade do sector para promover un axeitado desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia*

As axudas concedidas pola Consellería do Mar aos sectores da transformación e da comercialización ao abeiro da convocatoria do ano 2009 suporían a creación de 220 novos postos de traballo, dos cales un 70% serían postos de traballo destinados á poboación feminina. Así o especifica a consellería nun informe presentado ao Consello da Xunta que dá conta da tipoloxía dos proxectos que no marco da convocatoria de 2009 recibiron estas axudas, que ascenden a máis de 21 millóns de euros.

Das 155 solicitudes de axuda tramitadas nesta convocatoria, 102 foron resoltas favorablemente. Das entidades beneficiarias a maioría son empresas pequenas e un 38% das empresas que obtiveron subvención comprometeu a creación de emprego. O 62% restante mantén todos os seus postos de traballo. Ademais o informe explica que as empresas transformadoras xerarían máis do 20% do total de novo emprego. Neste sentido cabe lembrar que a orde de 2009 di no seu artigo 2 que os proxectos que impliquen creación de postos de traballo deberán crealos no prazo dos 3 anos seguintes á finalización do investimento. Tamén di que cada posto de traballo deberá manterse nun período mínimo de 5 anos.

Estas axudas destínanse a proxectos centrados na modernización de maquinaria e instalacións, na implantación de novas liñas, mellora do proceso produtivo, calidade e trazabilidade dos produtos, optimización de sistemas de depuración e minimización do consumo enerxético. Tamén se invisten na instalación de sistemas para reutilización de augas de procesos e elaboración de produtos a partir de refugallos.

O investimento das axudas nestes ámbitos supón ademais da creación e mantemento de emprego, un impulso ao crecemento do tecido empresarial galego no sector da pesca e contribúen a que a pequena e mediana empresa sexa un sector máis competitivo e moderno xa que, grazas a estas achegas, pode acometer investimentos cun alto valor engadido. A maiores, os investimentos froito destas axudas supoñen unha mellora das condicións hixiénicas na elaboración do produto e na súa rastrexabilidade cunha máxima información sobre as súas condicións e un maior coñecemento da súa traxectoria desde

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

o produtor ao consumidor. Ademais cabe destacar que estas axudas fomentan a protección ambiental.